

**LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A  
CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓNS  
TEMPORAIS PARA PRAZAS DE PERSOAL LABORAL  
CATEGORÍA PROFESOR DE MUSICA  
Especialidade Frauta Traveseira**

**DECRETO DA ALCALDÍA:**

Vistas as Bases Xerais para a confección de listaxes de contratacións temporais de persoal laboral aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 20 de marzo de 2017, así como Bases específicas para prazas de persoal laboral de diferentes categorías aprobadas na mesma Xunta de Goberno, e publicadas no BOPPO n° 85 de data 4 de maio de 2017.

Vista Resolución da Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2018 pola que se aproba unha nova convocatoria para a presentación de instancias na categoría Profesor de Música, especialidade de Frauta traveseira, publicada no BOPPO n° 21 de data 30 de xaneiro de 2018.

Visto Decreto n° 2018-0508 de data 27 de febreiro de 2018 polo que se aprobaba a lista provisional de admitidos e excluídos, publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello en data 27 de febreiro de 2018, e finalizado o prazo para a emenda de defectos ou alegacións pola súa omisión na lista, de acordo co establecido,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Incluír na lista definitiva de admitidos e excluídos a Dna. Lorena Méndez Rodríguez, non incluída na listaxe provisional por haber chegado ao rexistro deste Concello con posterioridade á súa publicación, procedente do Consulado Xeral de España en Bruselas, unha vez comprobado que a aspirante presentou en forma e prazo a súa solicitude e cumpre cos requisitos esixidos nas Bases desta Convocatoria.

**Segundo.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos:

**CATEGORÍA: PROFESOR DE MÚSICA****ESPECIALIDADE FRAUTA TRAVESEIRA:****ADMITIDOS:**

APELIDOS	NOME	DNI
DÍAZ MERA	PABLO	*****005N
FERNÁNDEZ AGULLA	ESTEFANÍA	*****103Z
GONZÁLEZ LÓPEZ	MIRTA	*****389C
MÉNDEZ RODRÍGUEZ	LORENA	*****550Q
ZUMAJO GALDÓN	CARLOS	*****076D

**Terceiro.-** Aprobar o tribunal de selección composto polos seguintes membros :

Presidente: D. Pablo Rodríguez Fernández , e coma suplente D. Antonio Cantal Mariño.

Secretario: D. Manuel Martínez Pérez, e coma suplente D. Carlos Potel Alvarellos.

Vogais:

Dna. Rosalina Rivas Fernández, e coma suplente Dna. Cristina Zatarain Andrés.

Dna. Cristina Alonso Álvarez, e coma suplente Dna. Yolanda Represas Carrera.

D. Ángel Antonio Moldes Abalde, e coma suplente D. Javier Viceiro Filgueira.

**Cuarto.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web:  
[www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

**Quinto.-** Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación no Taboleiro do Concello, e na paxina [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de

Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez